

Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 10 de febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES NOVENA E TERCEIRA DAS BASES DO XXXII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL. ANO 2021. CIVIDAS 2020038872)". Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, que textualmente di:

"O Excmo. Concello-Pleno aprobou con data 28.01.2021 as bases do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.

Esta aprobación introduciu cambios respecto á proposta inicialmente formulada.

Pola entidade adxudicataria da dirección artística do concurso ponse en coñecemento as implicacións que un dos cambios propostos (número de membros do xurado) pode implicar.

Atendendo a dita valoración πρόponse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar a base novena das bases do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021:

"Novena.- Xurado principal. O xurado principal estará formado por un mínimo de 5 membros de recoñecida traxectoria. No caso de que algún dos membros do xurado finalmente non puidera estar presente, a organización podería substituílo por outro membro de recoñecido prestixio."

Segundo.- Modificar a base terceira das bases do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021:

"Terceira.- Inscripción

Poderán participar no concurso os pianistas de calquera nacionalidade, sen límite de idade.

A inscrición realizarase segundo modelo que se incorpora como anexo, e dispoñible na páxina web do Concurso. En todo caso a dita inscrición é de balde, tanto para a fase de preselección como de selección.

Non se aceptarán candidatos que obtivesen o primeiro premio en edicións anteriores.

Tampouco poderá presentarse ao concurso ningún alumno regular do xurado principal (oficial ou privado) que tivera clases co mesmo durante os dous últimos anos, nin tampouco as persoas que estean

unidas por vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable nin que estean en supostos de parentesco dentro do cuarto grado de consanguinidade ou segundo de afinidade cos membros do dito xurado.

O prazo de inscrición finaliza o día 01 de abril de 2021 ás 23.59 PM. Se se considerase necesario ampliar este prazo, procederase a notificalo mediante as publicacións preceptivas.

Coa inscrición, os interesados deberán achegar o seu curriculum vitae en calquera dos seguintes idiomas: galego, castelán ou inglés (en formato PDF), o seu DNI ou pasaporte, unha fotografía a cor, así como unha gravación de vídeo de piano dun máximo de 15 minutos (piano solo), a través dun único enlace de vídeo de Youtube (da mellor calidade posible). Estas gravacións deberán ter unha antigüidade máxima de 2 anos. O programa da dita gravación será de libre elección.

Os concursantes menores de idade deberán enviar unha autorización asinada e escaneada do pai, nai ou titor, asumindo calquera responsabilidade que se derivase da súa participación no mesmo.

A solicitude de inscrición remitirase ao correo (info@ferrolpianocompetition.com)

Unha vez inscrito, o concursante recibirá un correo automático de confirmación.

A inscrición supón a total aceptación das bases do concurso."

Previa deliberación, a Corporación, e votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

V° e Pr
ALCALDE